

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 4 de abril de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 11.37 horas do día catro de abril de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(390).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(391).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO 2011 E FEBREIRO 2012. EXPTE. 22880/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de RR.HH, do 27.03.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 30.03.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Medio Ambiente (Parque Móbil	De Comesaña Davila, José A. a Miguel Angel Alonso Alonso	Outubro-2011	295,00
Parque Móbil	De Agulla Amorin, Francisco J. a Ojea Domínguez, José Luis	Outubro-2011	174,00
Parque Central	De Abelleira Porrua, Guillermo a Rodríguez Lestón, Bernardo	Outubro-2011	188'00
Montes, Parques e Xardíns	De Casas Iglesias, Alfonso a Varela Estévez, Roberto	Setembro-2011	208,00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Outubro-2011	19,30
Alcaldía (conductores)	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	Febreiro-2012	144,00
Extinción Incendios	De Alonso Abalde, Manuel a Villar Gutierrez, Alberto	Febreiro-2012	336,00
Extinción Incendios (Oficina)	De Mª Luz Palmás Calvar	Outubro-2011	30'00
Cultura	Ramón Vázquez Martínez	Outubro-2011	13,00
Policia Local (Xulgado)	De Alonso Caride, Constante a Vivero Mijares, Juan Guillermo	Febreiro-2012	984,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Alonso Duarte, David a Vidal Lorenzo, Lucía	Febreiro-2011	600,45
Parque Móbil (Limpeza)	De Manuel Quintas Pérez	Outubro-2011	30,00
Vías e Obras	De Amoedo Cabaleiro, José L. a Rodríguez Rocha, Rodrigo	Outubro-2011	195,00
Inspección Vías e Obras	De Barciela Simón, Benito a Villar Estevez, Raimundo	Outubro-2011	91,00
Conserxería	De Vázquez Álvarez, Rosa Teresa a Vaqueiro Herbello, Teresa	Outubro-2011	17,90
Parque Móbil (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Outubro-2011	30,00
Ospio	De Ferro Macho, Angel a Romero Gil-Delgado, Loreto	Outubro-2011	55,00
Recursos Humanos	De Amelia Aragunde Martínez	Outubro-2011	60,00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Avión a José Ramón Seijas Álvarez	Outubro-2011	121,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 34.363,57 €”.

3(392).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 26/2012 SOBRE CANTIDADES, NO PROCEDIMENTO 867/2011 (SONIA GONZÁLEZ GONZÁLEZ) EXPTE. 22961/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Xestión, do 16.03.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 20.03.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza nº 745/2011 e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 26/2012 do Xulgado do Social Nº 2 dos de Vigo, no procedemento 867/2010, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Sonia M^a González González, con DNI 36094391-P, de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de setembro e o 2 de novembro de 2012, por importe de 2.659,95 € (2.292,95 € de principal e 367,00 € de intereses provisionais)

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (146,75 €) e IRPF (343,94 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 2 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3627 0000 64 002612. (2.169,26 € que deberá percibila traballadora co seguinte desglose: 1.802,26 € de principal máis 367,00 €)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

4(393).- EXECUCIÓN PROVIDENCIA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1, NA EXECUCIÓN 57/2011, EN CONCEPTO DE INTERESES (ROSA M^a FERNÁNDEZ DÍAZ). EXPTE. 22960/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Xestión de RR.HH., do 16.03.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 20.03.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, na execución 57/2011, procedéndose ao abono da cantidade de **1860,09 €** en concepto de intereses na conta do Xulgado do Social Nº 1 mediante transferencia na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3626 0000 64 005711.

5(394).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XGL DE DATA 9.03.2012 EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL QUE TRABALLOU O 24 E 31 DE DECEMBRO DE 2011. EXPTE. 22820/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de Réxime Interior, do 16.03.2012, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 20.03.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Rectificar de oficio o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2012, que quedará redactado como segue:

Recoñecer e aboar ó persoal que figura nas relacións que a continuación se indican as cantidades que figuran para cada un deles e que ascende a un total de 30.267'13 €, por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2011 e 1 de xaneiro de 2012.

SERVIZO	RELACIONES	IMPORTE
CEMITERIOS	De Jesús Álvarez Lago a Delmiro Vilanova Acuña	2.345,22 €
BOMBEIROS	De Joaquin Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	5.993'34 €
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	De Luis González Martínez a Antonio Da Maio Pereira	521,16 €
POLICIA LOCAL	De Manuel Barbeito Reino a Manuel Villar Miguelez	20.886,25 €
PARQUE CENTRAL	De Luis Comesaña Fernández a Juan González Iglesias	521,16 €

6(395).- APROBACIÓN DAS MEMORIAS PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 8794/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2.04.2012, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobar as memorias para presentar a convocatoria de Programas de Cooperación 2012, que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.
- 2,- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 504.212,94 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.
- 3,- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.
- 4.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 11.40 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
SUPLENTE

Isaura Abelairas Rodríguez.